



CONTO POPULAR

Hay moitos escritores que collen un conto popular, desfigurano un pouco, e danos ós lectores c-a sua firma, sin remordemento de conciencia.

Eu non quero cargar ás costas con semellante pecado, y-enantes de botar este conto, fago constar solenemente que non é meu. A min contoumo un xastre d'a miña terra que lle chaman o Marico, y-ô Marico contárallo un zapateiro chamado o Señor Inocente, y-ô señor Inocente contoull' o Alborés, que foi un gaiteiro que se morreu de puro vello; y-ô Alborés ¡sabe Dios quén ll'ô contaría!

En fin: ahí vai tal como chegou ós meus ouídos, palabra mais, palabra menos.

Unha ves, fai d' esto moitísimo tempo, tanto, que nin o acorda o qu' inventou o caldo, había n'un lugar de Xallas y onde Cristo dou as tres voces, un raxo d'un vellouco qu' ô fin d'os seus anos vèu á namorarse com' un boi (fora a alma) d'unha moza mais bonita qu'un sol, sin outros defeutos

maores, qu'ô de ser torta d'ô ollo dereito (qu' é o que sêrve pra facer a puntería,) marcada d'as vexigas, ancha d'os cadriles, algo lombuda, un tanto coxa e non moi limpa que digamos; pró estas pequenas chatas ben podían perdoarse, tendo en conta que drento d' aquel corpo churrusqueiro bulía unha alma de tempre con unha virtú á proba... de bomba; anqu'as malas lénguas marmuraban que si nunca pecou, mais bèn que culpa d' ela, foi por n' haber home de tan bó dente que s' estrevese á tentala. Y-hastra certo punto non deixaban de ter razón, porqu' a virtú é com' a valentía, que prá descubrila hai que poñela á proba.

En fin, fora ó que fose, o conto é, qu'ô noso homiño, Sanfona por mal nome, estaba disposto á casarse co-a rapaza, porqu'ô qu'él dicia: "Quen se case de vello, ha de buscar unha muller qu' a él lle gòste, y-ô mais non."

Ademáis ô tío Sanfona metéuselle n-a testa dende moi mozo a rara manía de que n' había de casar senon

con unha muller que soupese gardar un sacreto como Dios manda, cousa tan rara n'as femias como n'os xudíos dar diñeiro sin interés. (¡Somentes eisi se comprende que chegase solteiro ós sesenta anos!) Y-a tal Carmelina, outra cosa non tería, pero en canto á riserva, podía sellecontar unha morte, sin medo de qu'a descubriese... o defunto.

Eisi e todo, pol-o si ou pol-o non, o tío Sanfona enantes de casar co-ela, quixo poñerll' á proba virtú tan pouco común, e chamándoa undia aparte, díxolle:

—Mira Carmela: nõ, svámonos á casar, y-os papeis xa andan pol-a man d'o crego; pero como t'asabes, convén poñelo todo por diante, y-as cousas hai que decilas a tempo namentras teñen remendadura. Por de contado xa che desengañei d'a miña edá. Eu teño sesenta anos, e t'í inda fas trinta para San Joan.

—Cale, tío Sanfona. Somos duas criaturas.

—Ti si; eu non. Cando ti naciche, xa eu non mamaba.

—Miré: á deferéncia d' edá non importa. E total ¿vosté que me leva? Trinta anos. Eso n' é nada.

—Tés razón; pois ben mirado, trinta anos, como diría *Don Ventura*,

o noso crego, comparados co'a eternidá fan menos bulto qu'as barbas d' unha formiga; pró einda hai outra cousa mais gorda: é un sacreto que non sabemos mais que Dios y-eu.

—Pois gárdeo, que non me fai falla sabelo.

—Xa sei que eres calada, e por calada heime casar contigo.

—B'í, leria. Calar, caláns'os melons.

—Boeno; ti xa m' entendes. Por eso quero desafoogar o meu peito e contarcho tode pe á pá, co-a condición de que nin á tua nai ll' o has de descubrir.

—Pode falar sin medo, tío Sanfona, qu' encuesteón de riserva, son mais calada qu' a morte.

—¡Vast' á asustar!

—Eu xa non lle m' asusto de nada.

—Pois bèn; has de saber.. ¿Pero ti.. díralo?

—¡Ai que condanado d' home; o que tarda en parir.

—¡Coidado! ¡Mira que si me descubres, desfais' o casamento!

—¡Coiro! ¡Cómo se ll' han de dicir as cousas! Bote o que sea, d' uha ves.

—Poida ser qu' eisi qu' o sepas xa non queiras casarte; pero, como dixo o outro, as cousas craras.

—¡Hui, que posma d' home! ¿Vosté arranca ou non?

—Pois aló che vai: Has de saber



qu' eu dende pequeniño veño poñendo un hovo todol-os días á medea noite o mèsmo qu' as galiñas.

—¡Vosté que me di?

—Com' o oyes. Un hovo, con cáscara, xema e crara. Tan certo como agora e de día!

—¡Ai Jasús! ¡Vosté sei que tolea!

—¡O que che digo! Pero gráceas á Dios, póño de cote sin novedá, nin delor ningun.

—¡Nunca Dios pra mal me dera! ¡Qué cousas hai n' o mundo!

—¡Si ti non sabes einda d' a misa á médea!

—Ai tio Sanfona: e dempois qu' o pon ¿qué raxo fai co-él?

—Decíndoch' a verdá... vounos gardando de tres en tres días.

—¿E dempois?

—Fago con eles unha tortela.

—¿E cómea?

—Vaya, vaya, e ben que me chupo os dedos. Conque, agora qu' o sabes quero que gardes o sacreto, e si che parece que por iso non debes casarte comigo, dimo craramente.

—A verdá é qu' o qu' á vosté lle pasa non lle pasa á ninguén d' o mundo; pró si non é mais qu' iso...

—¡Nin un mais!

—Pois... eu cásom' o mèsmo. Esa non é chata. Ó rivés; cando non haxa outra cousa, botarémoslle man ós seus hovos.

—¡Pró, coidado c' o conto! ¡Moita reserva!

—¡Seique somos nenos! Isto non-o habemos de saber mais que Dios, vosté e mais eu. Vaya tranquilo, tio Sanfona.

Y-o bo d' o home, satisfeito co-a desparatada trécola qu' enventara prá probar a reserva d' a qu' iba á ser sua muller, marchouse cara a casa dicindo encontra si:

—¡Vaich' hó! ¡Agora si qu' é a certa! Fai corent' anos que lle veño enventando sacretos á total-as mulleres con que quixen casar, e todas m' os descubriron; pró ista si que me parece que vai á calar. ¡Gráceas á Dios qu' enantes de morrer atopo unha muller ó meu xeito!

Namentras a rapaza, come he de supoñer, quedou facéndose cruces pol-o que acababa d' oír, e non tivo labor de mais prèsa que correr xunt' á sua nai e contarlle en moito sacreto, o sacreto d' o tio Sanfona.

—Ay mi madre, díxolle: ¡vostede non sabe unha cousa!

—¿E qu' é miña filla?

—O tio Sanfona ponlle *dous* hovos total-as noites o mèsmo qu' has galiñas.

—¡Ti toleas! ¡n' a miña vida tal vin!

—¡O que lle digo!

—¿Con cáscara e todo?

—E xema e crara.

—¡Arrenégote pecado!

—¿Qué lle parece? ¿Eu casareime ou non?

—Bèn mirado, iso non deixa de ser una cousa ben rara; pró si non tén outro defeuto, ben podés casarte.

—Boeno; pero por Dios non-o conte á ninguén, porque si él o sabe, desfais' o casamento. ¡Mire que me mandou gardar moito sacreto!

—¡Seique somos nenos! Isto non-o habemos de saber mais que Dios, él, tí e mais eu.

Pasou ista conversa, y-aquela mesma noite ó chegar á casa o pai d' a rapaza, chamouno a muller á un lado, e díxolle:

—Vouch' á contar unha cousa que t' ha de pasmar. Parece un milagre.

—¿E qui é muller?

—O tio Sanfona ponche *tres hovos* todol-os días á médea noite o mèsmo qu' as galiñas.

—¡Ti seique m' amocas!

—¡Xúroche por estas cruces! Contoullo hoxe á nosa filla en moito sacreto y-éla díxome á min.

—¡Yso non pode ser!

—¡Hastra lle mostrou un hovo e todo! ¡Mira si será verdá!

—Eche bèn raro o conto. Nunca tal ouin n' a miña vida. ¡Vay a vella morrendo e vaich' aprendendo!

—Pero por Dios, mira qu' o cales. Xa dixó él que si chegaba a saberse, desfacia o casamento.

—Muller... ¡seique somos nenos! Isto non o habemos de saber mais que

Dios, él, a nosa filla, ti e mais eu.

Aquela mèsma noite foi o patrucio á cas' d' un seu compadre, e dimpois de falar de varias cousas, cha mouno á un lado é dixo-lle:

—Si non dixeras nada, contábache unha cousa.

—Ti xa sabes como eu son. O qu' á min me contes é como si caira n' un pozo.

—Xa o sei, e poriso che quero facer ista confianza. ¿Ti coneces ó tío Sanfona o que vai á ser o meu xenro?

—¡Vaya ho; conézoos com' a ruda.

—Pois hoxe soupen dél unha cousa que parece de moiguería.

—¡Qué me dis! ¿Qué cousa é isa?

—Nada menos que... ¡non o vas creer!

—Vamos, home, bota.

—Pero... morra o conto.

—Fala sin medo

—Pois bèn: o tío Sanfona pòn todol-os dias á medea noite *catro hovers* o mèsmo qu' as galiñas.

—¡Catro hovers! ¿Con ciscara, e xema e crara?

—Con dicirche com' as galiñas...

—Compadre, déixasme parvo. Si ti non foras un home formal, tomábacho á bulra.

—Pero por Dios, isto que quede antre nosoutros. Eu sóupeno pol-a miña muller, á quèn ll' o contou a miña filla, porque ll' o descubriu él todo, co-a condición de gardar o sacreto. Por iso encárgeche que, non digas nada, senon desfais' o casamento.

—¡Compadre: seique somos rapaces! Isto non-o habemos de saber mais que Dios, o tío Sanfona, e a tua

filla, a parenta, ti e mais eu. Podes estar tranquilo.

Separárons' os dous petrucios; y-o compadre, atopou un amigo y-en moita reserva contoulle qu' o tío Sanfona puña *cinco hovers*. Y eisi d' uns prá outros, encargándose o sacreto y-añadindo sempre un hovo cada conteiro pra



facen o caso mais interesante, foi correndo a envención d' o tío Sanfona, pol-o mundo adiante.

Namentras isto sucedía, o noso homiño vendo qu' á él ninguén lle falaba d' o milagre d' os hovers, creiu de boa fé qu' a rapaza gardarall' o sacreto e casouse co-éla, satisfeito d' haber atopado por fin

unha muller, calada com' un melon, digo, com' un morto, e tal com' a deseaba. Y-ô casarse, craro está que desenganou á parenta dicíndolle que n' había tal hovo, e qu' aquélo fora unha envención pra probar a sua reserva.

Pró como dixo o outro, o demo cárgeas; y-einda non eran pasados catro días dende que se celebrara a regueifa d' o tío Sanfona, cando éste abriu doce palmos de boca co-a sorpresa, ô ver que chegaba un recado [nada menos qu' d' o Padre Santo! supricándolle que fose á Roma, que tiña que falarlle.

Non he para descrita a admiración d' o bo d' o home ante somellante noticia.

—¡Qué rayo me quererá á min o Papa!— dicía. ¡Nin cómo sabe él si quera qu' hai un tío Sanfona n' o mundo!

E cavila que cavila, por everigoar o qu' o padre santo lle quería, montou n' o seu faco y hala que te vas, pian, pian, encamiñouse á Roma.

Chegou ô Vaticano, deixou o poldro atado n' argolla d' a porta, e subiu ô comedor ond' estaba o papa tomando un pocillo de chicolate.

—¿El... pódese entrar?— dixo o noso home.

—¿Quén anda ahí?

—Señor, son eu; o tío Sanfona.

—Adiante, dixo o Padre Santo sorrindo con bondá.

—Eiquí estou, dixo o tío Sanfona, arrodillándose.

Fíxoo levantar o Papa con cariño, e pasándoll' a man pol-o lombo, faloulle d' esta maneira:

—¿Con que tí eres o tío Sanfona?

—Pra servir á Dios y-á vosté— (o tío Sanfona non estaba muy forte en tratamentos.)

—Pois home, verdadeiramente eumandeite chamar, porqu' oin contar detí unha cousa tan estrana, que parece de milagre.

Abriu o tío Sanfona á taloir, unha bocad' a coarta, e contestou:

—Señor, qu' eu sepa, non teño nada que non teñamos todos.

—En non o quería creer, pero tanto m' o aseguraron...

O tío Sanfona cada ves mais admirado, pois nin pol-o maxin se lle pasaba o conto d' os hovos, sin poderse conter, exclamou:

—¡Carafío! ¡Desembuñe logo o que sea, que xa no me chega a camisa ô corpo!

—Pois dixéronme que tí pós *cen hovos* todal-as noites o mesmo qu' as galiñas.

Oír esto e botarse o tío Sanfona as mans ôs pelos escramando: —¡Ai mala pécora! ¡Fixéchela boa! foi cousa mais logo feita que contada.

—¿Que che pasa home?

—Ai señor: eso d' os hovos foi unha envención miña.

E de seguida, pe á pa, contoull' ô Papa tod' a hestoria d' o lérío.

—Boeno, dixoll' o Papa; pero pol-o que tí me contas á ela dixelle que puñas un hovo só. ¿Cómo agora sen tantos?


—Eso está bo de entender, señor. Eu díxenlle un; á ela pareceulle pouco y-aomentoulle outro; á persoa á quén ll' o contou parecéronlle poucos dous e botoulle tres; e logo ô pasan d' uns ôs outros foill' añañando un hovo cada conteiro; porqu' eisi é o mundo, n-o que se conta sempre pôn cada un algo mais d' a sua cosecha.

—Parésceme que non vas descamiñado

—Non lle tén volta. A envención escomezou por un hovo, cada un foi añañándolle outro, y ô chegar a vosté xa lle contaron *os cen*.

—Enton o Papa, meneand' a testa d' arriba á baixo, exclamou:

—*Home: tés razón n-o que falas, por que tamén eu díxenche á tí qu' eran CEN HOVOS, y-á min soito me dixéron... NOVENTA ENOVE.*



Pol-a recoleución,  
ENRIQUE LABARTA